

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE NOVEMBRO DO DOUS MIL VINTE: -----**

**EXPTE. 2020008171**

**PRESIDENTE:**

**Telmo Martín González**

**CONCELLEIROS/AS:**

**Juan Antonio Deza Otero (asist. telem)  
María Paz Lago Martínez (asist. telem)  
Daniel Arosa Dasilva (asist. telem)  
María Deza Martínez  
Marcos Guisasola Padín (asist. telem)  
Flavia Besada Otero (asist. telem)  
Oscar Vilar Sartages (asist. telem)  
Jaime Leiro Otero (asist. telem)  
Paula Martínez Santos (asist. telem)  
Ainhoa Fervenza Celestino (asist. telem)  
Marta Caneda Prieto (asist. telem)  
Fernando Otero Montes (asist. telem)  
Sandra Fernández Agraso (asist. telem)  
Andrea Ucha Bouzada (asist. telem)  
Yago Torres Pérez (asist. telem)  
Vanessa Rodríguez Búa (asist. telem)**

**NON ASISTE:**

**José Juan Vidal Vilanova (interventor)**

**SECRETARIO XERAL:**

**Angel Luis López Pita**  
=====

No despacho da alcaldía e por medios telemáticos a través da aplicación “Zoom” (vídeo conferencia, enlace:

**<https://us02web.zoom.us/j/8684735162>**

**6** sendo as nove horas e trinta e tres minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil vinte. Baixo a Presidencia do Alcalde **TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----



**UNICO: EXPTE. NÚM. 2020002803: PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE SANXENXO (PACES).** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 24 de novembro de 2020.

**Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do PP:**

Bos días a todos, como sabedes, en xaneiro do ano 19, adherímonos ao Pacto das Alcaldías polo Clima, o cal nos compromete a realizar un plan polo clima e a enerxía sostible, que agora imos presentar aquí. No ano 19, Sanxenxo emitiu 39587 toneladas de CO<sub>2</sub> á atmosfera, 72% das mesmas corresponden ao transporte e as vivendas, o obxectivo e compromiso deste plan, é reducir nun 40% estas emisións, ata o 2030, o que representa 16.000 toneladas menos de CO<sub>2</sub> emitido á atmosfera. Para acadar esta importante rebaixa temos que actuar en catro areas, consumo enerxético, transporte, o tratamento das augas e a recollida do lixo e o reciclado. No consumo enerxético actuaremos en espazos públicos, en espazos e edificios públicos, a intención deste goberno é de ir mellorando o sistema de iluminación, substituíndo as luminarias é dixitalizando o seu funcionamento, incorporando tamén sistemas de bioclimatización nos edificios novos, que permiten un aforro de ata un 60%, como no caso do Pazo Quintáns, que xa conta cunha caldeira de biomasa e unha decatación por xeotermia, ou no novo mercado de Sanxenxo, que contará con bioclimatización. Tamén substituiremos as caldeiras de gasóleo ou de gas nos colexios e noutros edificios municipais, por caldeiras de biomasa, a nosa intención é de presentar proxectos, para que estes sexan financiados polos fondos europeos. Os consumos enerxéticos en vivendas e noutros inmobles privados, xa hai unha gran tendencia á substitución de caldeiras de gasóleo ou de gas, por biomasa, por exemplo de pellets, a tendencia vai seguir aumentando, porque entre outras cousas, supón importantes aforros, así unha caldeira de pellets supón un 70% de aforro respecto ao gasóleo e dun 50%, respecto ao gas, en calquera caso, a obriga deste Concello e tamén do resto de Administracións, é de fomentar estes cambios en vivendas e negocios de hostalaría, ben con campañas informativas e de sensibilización, ou ben con axudas directas ou con bonificacións fiscais, as axudas poderán chegar ata o 85% da inversión, entre todas as administracións. En canto ao transporte, a maior parte do transporte de Sanxenxo é privado, correspondendo só ao sector público, os taxis, as rutas escolares, a liña de bus de Sanxenxo a Pontevedra e os vehículos municipais, representando mais do 5% do total das emisións entre todos. A compra de vehículos híbridos e eléctricos é unha realidade que vai a ir crescendo exponencialmente na próxima década, nestes momentos hai axudas para a adquisición deste tipo de vehículos, pero o Goberno de España terá que melloralas e igualalas coas dos países da Unión Europea, pensamos que parte dos fondos europeos se destinarán a isto. En canto aos vehículos municipais, a medida que se vaian substituíndo, apostaremos por modelos híbridos ou eléctricos, por suposto este plan tamén contempla axudas das administracións, especialmente da Unión Europa, para a compra de vehículos de cero ou baixas emisións, por parte do sector hostaleiro e turístico. No tratamento das augas, o primeiro que creo lembrar é que este goberno se comprometeu a dotar de saneamento a todas as vivendas do rural que carecen deste servizo, en maio do 19 eran 298, que non tiñan, das cales 30 xa dispoñen do mesmo, en segundo lugar e, como xa é de dominio



público, proximamente está previsto a firma dun convenio entre Poio, Sanxenxo e "Acuaes". No caso de Sanxenxo contempla unha inversión superior a vinte millóns de euros, para lograr a implantación dunha depuradora nova, bo, a ampliación da depuradora en Paxariñas e de toda a rede de colectores e bombeos, desde A Granxa ata Montalvo. Sanxenxo sempre foi un concello pioneiro en materia de saneamento, a proba diso é que concellos, cunha capacidade similar ou mesmo superior, contan con miles de vivendas sen saneamento no rural. O convenio con Acuaes vai permitir seguir mellorando nesta materia e acadar a excelencia no tratamento de augas. Respecto a recollida e reciclaxe do lixo, Sanxenxo conseguiu un crecemento moi importante en volume de reciclaxe, dende que eu asumín a Concellería de Medio Ambiente, en xuño do 2.017, o aumento foi dun 14,3%. En canto á compostaxe, nos tres últimos anos, entregamos 120 composteiros individuais, agora estamos entregando mais de 200, grazas a un plan de residuos, ademais do composteiro comunitario de Portonovo, con 41 toneladas de materia orgánica desde o ano 17. En xeral hai que estar satisfeitos destes datos, pero nin moito menos conformarnos, polo que temos que seguir a insistir, concienciando e facilitando aos veciños a reciclaxe da compostaxe. A asignatura pendente é a colocación do colector marrón, destinado ao lixo orgánico, que se destinará á compostaxe, o obxectivo é que podamos contar con eles ao inicio do 22. En resumen, o noso obxectivo é ambicioso, reducir nun 40% as emisións de CO<sub>2</sub>, para o que hai que actuar nestas catro áreas: consumo enerxético do alumeadado e a climatización, mellora da depuradora e da rede de saneamento e a introdución do colector marrón, para a súa consecución faremos importantes esforzos económicos e de xestión, pero o beneficio é inconmensurable para os veciños de Sanxenxo e para o Planeta, moitas grazas.

### **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Ola, bos días a todos, sobre este tema sinxelamente dicir que isto, efectivamente, era un compromiso que se adquiriu nunha firma con outros Concellos para conseguir ese obxectivo de reducir a contaminación do noso Concello, entendo que é unha iniciativa acertada e, polo tanto, sobre ese punto, non temos que dicir nada en contra, sinxelamente dicir que este tipo de documentos non se fan para cumprir e para ter un compromiso feito, para dicir que Sanxenxo loita contra a contaminación, senón para levalo a cabo, o que se pediría e que os próximos documentos deste tipo, foran un pouco mais atrevidos nas súas propostas. En calquera caso que se leven a cabo, sobre todo porque para ter un papel e metelo nun caixón non serve de nada, entón o que hai que facer e levalo a cabo e, sobre todo, dar exemplo desde a administración, porque non todo é exixirle aos particulares que agora fagan edificacións ou o que sexa, se o Concello non pon exemplo, entón, nese sentido, temos que concienciarnos todos e as administracións, en primeiro lugar, dar exemplo.

### **Sr. Presidente:**

Estou de acordo, Sra Rodríguez.



### **Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Ola, bos días, pois claro que se, imos votar a favor, cremos que todo o que sexa mellorar o medio ambiente, temos que axudar e, claro que imos votar a favor. O problema, espero que non haxa ningunha penalización por non cumprir, non sei se hai algunha penalización se non cumprimos con todo ou non, o que prometemos que imos facer, pero imos votar a favor, porque estamos de acordo en mellorar isto.

### **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Bo día a todos e a todas, xa era hora de tomarse en serio o tema do cambio climático, da redución de CO<sub>2</sub> e da mitigación de emisións de xei, este é un informe moi técnico e moi básico, a verdade, o Plan de Acción está ben, sempre e cando non quede, como dicía a compañeira Vanessa, nunha mera declaración de intencións e que se leve a cabo, é bastante ambicioso, está a falar, o que pasa é que tamén é bastante confuso, a veces fala de dez millóns, outras veces de setenta millóns, creo lembrar que na primeira parte do informe dicía que o Concello de Sanxenxo tiña que poñer case once millóns de euros para que este Plan de Acción se leve a cabo, veremos como se paga iso se chega a sentenza de Rocafort. De todos os xeitos nós estamos contentos de que se tomen en serio o tema do cambio climático, tamén é certo que, dende a firma, o 95% das propostas que traen este informe non están nin iniciadas, que moitas van depender, exclusivamente, da concienciación cidadá e iso sabemos que require mais tempo. Neste plan, a maior parte da redución é sobre a xestión de residuos, sobre os edificios residenciais e sobre o ciclo da auga, votamos de menos, tamén, algo sobre a mobilidade, tiñamos aquel Plan de Mobilidade, que tamén aprobamos en pleno, pero que tampouco se está levando a cabo, por tanto, se un dos principais focos de CO<sub>2</sub> é o tema dos coches, mais que dicir cantos hai de diésel e cantos non hai de diésel no noso Concello, creo que tiña que haber mais actuacións nese sentido, esperemos que tomen nota e que o fagan. O plan, a pesar de que é moi técnico o informe en se, é bastante revelador nos datos que dá, xa non só no tema de redución de CO<sub>2</sub>, os datos que dá son moi interesantes e demostra a deriva que levou o Concello de Sanxenxo, digamos, nos últimos dez anos, por exemplo que o Padrón se reduciu considerablemente, hai dez anos estábamos en dezasete mil quiñentos habitantes e, agora, estamos en dezasete mil trescentos e poucos, por tanto non estamos asentando poboación, senón que estamos perdendo poboación e, porque perdemos poboación? Porque tamén dá outro dato bastante demoledor, di que o Concello de Sanxenxo ten un índice de envellecemento relativamente alto, tamén é preocupante, porque claro, houbo moitos anos nos que a xente nova non podía comprar casa ou non podía arrendar casa en Sanxenxo e marchouse para concellos limítrofes, agora estamos a sufrir esas consecuencias, porque no noso Concello predomina, segundo o informe este que vostedes contrataron, a vivenda en bloque, de uso maioritariamente secundario, un 47'74%, unha parte das vivendas do Concello, o 34'54% son vivendas principais e o 17'73% están valeiras, eu creo que está moi ben o tema do cambio climático, nós, dende logo, somos os primeiros e, nos concellos nos que gobernamos, un dos principais focos onde actuamos, pero dende logo, estes datos son bastante demoledores para o noso Concello e creo que tamén hai que actuar vendo estes datos, que está a pasar coa nosa xuventude, porque non se está quedando en Sanxenxo.



Que está a pasar con eses pisos que están baleiros, que non se están a arrendar para a xente nova, con esas segundas residencias, porque non se están a asentar neste Concello. Por tanto, xa que este informe nos dá eses datos, cremos que tamén hai que actuar aí, moitas grazas.

### **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Ola, bos días a todos e a todas, nós tamén, por suposto, imos estar a favor deste proxecto que se está levando a cabo, porque, evidentemente, o cambio climático é algo polo que temos que estar todos unidos, para reducir as emisións de CO<sub>2</sub>, para adoptar todas as medidas que se necesitan, todo o que comentábamnos antes, pero a inversión desde Concello está, agora, en tela de xuízo, porque estamos pendentes de como vai quedar a economía deste Concello despois desta sentenza, depende da solvencia económica que teña despois da sentenza de Rocafort, evidentemente, se imos ter que pagar millóns a unha familia por unhas xestións que se fixeron mal dende o Concello, pois non imos ter cartos para outras accións tan necesarias, como é a redución do CO<sub>2</sub>, por tanto, este proxecto, evidentemente, está moi ben de base, poñer accións, reducións, poñer todas as medidas necesarias e, logo, hai unha cousa que me fixo moita graza, cando estaba a falar antes o señor Deza, dicía que o Concello fixo moitas accións polo medio ambiente, como poden ser a inversión que vai facer en Paxariñas, na depuradora, nos composteiros, por suposto que son medidas moi importantes que se están a levar a cabo, pero que non teñen que ver co Concello de Sanxenxo, senón que teñen que ver cunhas accións políticas do Partido Socialista a nivel estatal, como é "Acuaes" e ten que ver a Deputación, a través da política de compostaxe etc. Por tanto, son medidas moi necesarias, moi interesantes, pero que en nada ten que ver coa política e coa acción do goberno de Sanxenxo.

### **Sr. Deza Otero:**

Só dicir que o Plan é un documento vivo, revisarase, como mínimo, cada dous anos e analizarase a execución do mesmo, podendo cambiar accións que non se poidan executar, por outras. Respecto á Sra. Fernández, quería dicirlle que no PACES xa facemos referencia ao Plan de Mobilidade e, así mesmo, tamén, a súa execución. Á Sra. Fervenza, só dicirlle que sempre é un pouco alarmista e catastrofista, xa o foi cando nas eleccións falou do colexio de Vilalonga, que era un bluf electoral, pero xa pode pasar por aí, que vai a bo ritmo ou como cando dixó, fai dez meses, que enganabamos aos veciños de Gondar, pero bo, o local social, pase por alí e xa se empezou, nada mais que dicir, grazas polo seu apoio.

### **Sr. Presidente:**

Entendo que o punto vai por unanimidade, entón, antes, facer unha mención de que as cousas non son tan alarmistas como di a señora Fervenza, nin tampouco estamos nos límites que di a señora Fernández referente aos habitantes. Vou dar o dato que me pasaron onte, se cadra xa hai algún mais, pero este dato que teño encima da mesa é de onte, porque o estou mirando, mais ou menos, cada dous días, Sanxenxo, neste momento, ten censadas 17.731 persoas, eu non lembro, agora mesmo, se



chegásemos algunha vez a 18.000, non sei se algún dos portavoces o sabe, creo que non, pero non o comprobei, o que me dicían onte, dende o padrón, é que é a primeira vez na historia que pasamos por encima dos 17.700 veciños, ou sexa creo que é un dato importante. Señora Fernández, non imos abrir agora un debate co tema, eu o que estou dando, é un dato obxectivo, real do padrón de onte, 17.731.

**Sra. Fernández Agraso:**

Quero que quede claro que o dato meu era obxectivo, segundo o informe que vostedes contrataron, que non me inventei eu o dato.

**Sr. Presidente:**

Pero é de hai moitos meses.

**Sra. Fernández Agraso:**

Como acaba de dicir vostede que “non é como dí a señora Fernández”, eu estou dicindo o informe que nos mandaron para este pleno, non me estou inventando ningún dato.

**Sr. Presidente:**

Pero quero dicir que non é un dato de agora.

**Sra. Fernández Agraso:**

Veremos despois desta pandemia, se quedan eses 17.700.

**Sr. Presidente:**

Señora Fernández, en calquera caso creo que temos que estar contentos, porque o obxectivo de Sanxenxo, governe quen governe, debe ser chegar aos 20.000 habitantes, posto que, entón, entraría unha cantidade importante de cartos do Estado por pasar de 20.000 habitantes e cumprir os requisitos todos, prazas hostaleiras, segundas residencias e mais de 20.000 habitantes, como concello turístico de España. Haberá que facer políticas para acercarnos a iso, non é culpa de ningún dos que estamos aquí, seguramente, ou de todos, pero dalgúns de vostedes menos, porque levan pouco tempo, aínda, en política, en calquera caso, o que quero dicir é que estamos de parabén, porque Sanxenxo está a crecer en tempos difíciles, e, para nós, iso, é importante.

Non se produciron máis intervencións, e o **Sr. presidente** someteu o referido ditame a votación, que foi aprobado por **unanimidade de todos os corporativos presentes**, adoptándose o seguinte acordo:



**UNICO:** aprobar o **Plan da Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES)**, do Concello de Sanxenxo, redactado por “Sicasoft Solutions, SL”, en outubro de 2020, e proceder á súa presentación e rexistro no sitio web da oficina do Pacto da Unión Europea.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as nove horas e cincuenta e tres minutos, de todo o que eu, como **Secretario**,  
**DOU FE:**

